

## Resumo Executivo Plan 2014

# OS OBXECTIVOS DO MILENIO: FIN... E PRINCIPIO.



# 1. Introducción.

O Plan de fortalecemento, sensibilización e comunicación 2013 aprofundizou na eficacia e eficiencia do modelo de funcionamento en rede da asociación, conseguindo realizar perto de 100 actividades de sensibilización e educación para o desenvolvemento en máis de 70 entidades socias, implicando de maneira directa coa súa participación a máis de 10.000 cidadáns. A súa vez, a aposta pola comunicación ONLINE deunos picos de visibilidade ao redor da Irmandade Galicia-Cabo Verde e as Xornadas anuais de Cooperación nas redes sociais de máis de 50.000 persoas, consolidando a máis de 2.000 seguidores permanentes situándonos entre os referentes do sector en Galicia.

O Plan 2013 recolleu a tradición e o traballo acumulado nos 16 anos de vida do Fondo, poñendo en valor de maneira prioritaria a década de traballo na relación de Cabo Verde con Galicia e nomeadamente da Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde co municipalismo galego. Doutra banda, as Xornadas de Comunicación e Cooperación Internacional do 10 de decembro serviron de corolario ao traballo de sistematización dos elementos de comunicación da asociación, mediante a implementación e deseño do Plan de comunicación ONLINE da entidade, mandato das Liñas Estratéxicas 2011-2015 no ánimo de achegarse máis e mellor ás entidades socias e á cidadanía galega.

O Plan 2014 quere seguir a estela e a lóxica de traballo acumulativo que impregna o modelo de funcionamento en rede do Fondo desde o seu nacemento e especificamente as Liñas 2011-2015. **Destá maneira o Plan 2014 achegárase de maneira central á áxenda internacional da axuda, mediada nos últimos 15 anos de maneira principal polos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e polo tanto referentes na historia da asociación municipalista galega.** Neste sentido entendemos que cómpre facer un balance honesto visibilizando as luces, facéndonos tamén preguntas abertas ao respecto das sombras dos 15 anos de traballo ao redor dos ODM.

**No Plan 2014 “Os Obxectivos do Milenio: Fin... e principios” destaca a continuidade das liñas de traballo en canto á organización de actividades por medio da Rede Municipalista Solidaria, como a articulación das mesmas por medio da circulación das Exposicións itinerantes e os Ciclos de Cine, as Vacacións con Traballo, os contacontos da Tropa de Trapo ou as Xornadas anuais de Cooperación.**

**Mais tamén será un ano de novidades onde a ligazón entre o traballo en proxectos de cooperación, a sensibilización e a comunicación sexa posta en valor para visibilizar a pertinencia, idoneidade e capacidades da cooperación internacional e especificamente da cooperación descentralizada e municipalista galega.**

Desta maneira as *actividades de sensibilización ao redor dos proxectos de cooperación que se executarán no 2014* en Mozambique, El Salvador e Cuba representan a esencia da vontade de vincular o traballo entre proxectos, sensibilización e comunicación. Aínda que orzamentadas fóra do Plan 2014 ao estar os gastos destas actividades asociadas aos propio proxectos aprobados na Convocatoria de 2013, a súa presenza no Plan e cronograma anual deben ser tidos en conta ao implicar como é de lóxica, esforzos en recursos humanos na Secretaría do Fondo.

A súa vez a aposta pola comunicación ONLINE abrirá novas liñas de traballo; coma os *12 Encontros máis alá do 2015* e a profundización do IAF dixital no traballo máis amplo da comunicación xeral da organización. Finalmente abrirase tamén a II edición do concurso *Imaxes con Fondo*, recollendo a testemuña e método de traballo da exitosa I edición de 2012, desta veza incorporando Obradoiros e Máster Class de fotografía, para incentivar a participación da categoría xuvenil.

**Por último nesta Introducción debemos enfatizar a retroalimentación entre os distintos Obxectivos previstos no Plan e delimitados en 3 Obxectivos específicos na necesidade de explicitar as distintas dimensións que o Plan 2014 leva implícito.**

## 2. Obxectivos e Actividades.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO Nº1: FORTALECER INSTITUCIONALMENTE AO FONDO GALEGO

Por **fortalecemento institucional** entendemos aquelas actividades que se dirixen ao fortalecemento do Fondo Galego como actor estratéxico do sistema galego de cooperación, en representación mancomunada da administración local galega, con historia, vínculos e vantaxes comparativas específicas coma axente de cooperación do mundo local. Repasamos as distintas actividades específicas nesta materia.

- **Redes Municipalistas Solidarias:** As Redes Municipalistas Solidarias (RMS) son o xermolo do traballo do Fondo na súa área de sensibilización e como ferramenta de comunicación interna, ao conectar a Secretaría con todas as Entidades Socias a fin de que nestas teñan claro de que materiais dispoñen en cada momento e que tipo de actividades poden desenvolver. Ademais do seu funcionamento normal electrónico haberá dúas RMS descentralizadas e físicas. As primeiras realizaranse durante o mes de marzo e as segundas durante o mes de outubro.

- **II Edición do Concurso Imaxes con Fondo:** No 2012 o Fondo impulsou o concurso fotográfico que por medio de imaxe e texto (tweets) quería reflexionar sobre os comportamentos das sociedades do Norte con interferencia no SUR “*o importante é a idea non a calidade da túa cámara!*”. Nesta II edición volverase a repetir con dúas categorías; xuvenil (ata os 18 anos e orientada a IES) e adultos, realizando unha campaña de comunicación intensa nos centros educativos, oficinas de xuventude, departamentos de Cultura e asociacións amateurs e profesionais de fotografía, xunto a definición dun espazo nas redes sociais para incentivar á participación e visibilizar os sentidos educativos do Concurso #imaxesconfondo desde a apertura do concurso até a xuntanza e resolución do xurado.

O concurso estará aberto a toda a cidadanía galega entre os meses de abril e novembro, sexan os seus Concellos socios ou non do Fondo Galego e para a súa

difusión contarase coa colaboración da Fegamp e a Consellería de educación da Xunta de Galicia.

- **IX Edición Vacacións con Traballo:** Os Concellos galegos son un banco de recursos humanos de inmenso potencial nas relacións de cooperación coas sociedades do SUR. O programa Vacacións con Traballo terá este ano dúas prazas, a Nicaragua e Cabo Verde. Tanto a edición da propia convocatoria como do Caderno de experiencias de 2013 serán en formato dixital.

A convocatoria abrirase entre o 15 de maio e o 15 de xuño, realizándose as viaxes durante o último cuatrimestre do ano.

- **IX Edición Xornadas de cooperación:** A reflexión e o pensamento son sempre parte de procesos con vontade de percorrido real. Nesta ocasión as Xornadas procurarán ser unha vez máis un punto de encontro plural que achegue realidade compartida ao sistema galego de cooperación, nesta ocasión aprofundizando sobre o proceso e desenvolvemento dos Obxectivos do Milenio 2000-2015.

Durante todo o ano e desde os distintos espazos de comunicación do Fondo que este Plan leva incorporados, perseguirase unha comprensión dos resultados dos ODM, do seu vínculo cos DDHH, e das propias limitacións dos mesmos, tentando achegar alternativas procedimentais, metodolóxicas e discursivas. Neste sentido, as IX Xornadas do Fondo servirán de peche e conclusión do traballo realizado durante todo o ano.

As Xornadas realizaranse o 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos.

## **OBXECTIVO Nº2: INTRODUCIR A COOPERACIÓN INTERNACIONAL NA AXENDA DAS ENTIDADES SOCIAS POR MEDIO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN.**

O Fondo Galego desde o seu nacemento asume coma misión estratéxica nos seus Estatutos ***sensibilizar á sociedade galega*** sobre un mundo desigual, froito de relacións internacionais historicamente inxustas baseadas na guerra e na conquista.

Desta vía de traballo o Fondo deu lugar a un funcionamento en rede que maximiza capacidades e eficacias orzamentarias para posibilitar actividades de sensibilización social e educación para o desenvolvemento na vida municipal das entidades socias, incorporando os Dereitos Humanos universais na axenda local.

No 2014 os Obxectivos do Milenio e o sentido que os proxectos teñen vinculados a estos e os Dereitos Humanos, a paz, a igualdade de xénero ou as especificidades da cooperación municipalista, serán os eixos temáticos privilexiados para a articulación de actividades nas entidades socias.

• **Os proxectos do Fondo Galego, por que e para que cooperamos?** Os proxectos de cooperación indirecta aprobados na Convocatoria do 2013 terán un papel relevante no Plan 2014, por medio da articulación de actividades que visibilicen e nos fagan reflexionar sobre a necesidade dos mesmos.

Desta maneira *Ecos do Sur* realizará 5 charlas educativas en colexios de entidades socias ao respecto da rehabilitación da Escola de Hitakula das Mahotas en Mozambique. Ao tempo *Asemblea de Cooperación pola Paz* realizará 5 charlas/presentación do proxecto de rehabilitación en Cuba; en 2 dos 5 Concellos coa cesión dunha exposición específica sobre o traballo de rehabilitación de ACPP na illa caribeña. Finalmente *Agareso* proxectará un documental froito da execución do proxecto sobre o papel da Radio Tehuacán na prevención de desastres e educación ambiental en El Salvador en 10 Concellos socios.

Ao longo do ano a lóxica do Plan 2014 convida a preguntarnos e a visibilizar os vínculos entre a necesidade, os por ques e os resultados dos proxectos de cooperación cos Obxectivos do Milenio e os Dereitos Humanos. Neste sentido a secretaría continuará aprofundizando o seu *Plan de visibilización de proxectos* definido durante o 2013 aproveitando o calendario anual das Nacións Unidas; empregando tamén todos os seus soportes de comunicación.

• **Exposicións Itinerantes:** Ademais das Exposicións circulantes xa dispoñibles: *Influir no global desde o Local*, os *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio*, *A Paz cuestión de Fondo* e a exposición da I edición de Imaxes con Fondo, no 2014 contaremos coa exposición fotográfica do I gañador de Imaxes con Fondo na

categoría adulta, Rober Amado, presentada nos actos da Irmandade Galicia-Cabo Verde sobre a viaxe e visita a proxectos do fotógrafo a *Cabo Verde*.

- **Ciclos de Cine con Fondo:** Na web do Fondo Galego estarán dispoñibles durante todo o ano os 13 ciclos de cine temáticos a disposición das entidades socias do Fondo, especialmente acaídos para facer parte e visibilizar os días referenciais do calendario dos Dereitos Humanos que promocionan as Nacións Unidas.

- **Obradoiros de fotografía Imaxes con Fondo:** Para acompañar a II edición do concurso do Fondo considerouse pertinente a organización de 10 obradoiros fotográficos dirixidos a potenciais participantes da categoría xuvenil. A definición dos Obradoiros correrá a cargo de *Gabriel Tizón e Rober Amado*, fotógrafos de recoñecido prestixio.

- **Xira da Tropa de Trapo:** “*Antia, Wamba e o regato pequeno*” é o espectáculo xuvenil co que A Tropa circulou por 20 Concellos galegos durante o 2012 e 2013 achegándose a colexios das 4 provincias galegas co seu espectáculo de contacontos. As fichas de valoración da Xira 2013 oríentannos a apostar de novo por unha actividade vistosa e moi demandada polos socios do Fondo, diante da interese que esperta dentro dos colexios e centros educativos.

A Xira terá lugar entre o 15 de abril e o 30 de decembro

- **Difusión do día mundial contra a pobreza:** Trátase de repetir a experiencia de 2012 e 2013, coordinándonos coas ONGD de Galicia para mobilizar recursos educativos aos Concellos socios interesados nas exposicións, charlas ou videoforuns propostos polas ONGD que o desexen. Para a organización das actividades ao redor do *17 de outubro*, día mundial contra a pobreza, contaremos coa colaboración da *Coordinadora Galega de ONGD*.

As actividades ofertadas das ONGD serán durante todo o mes de outubro.

### **OBXECTIVO Nº3: COMUNICAR CON ENFOQUE DE DEREITOS HUMANOS OS PROXECTOS E ACTIVIDADES DO FONDO GALEGO.**

Artellar un sistema lúcido **de comunicación externa e interna** antóllase variable imprescindible para enraizar na administración local e na cidadanía galega o sentido e pertinencia da cooperación descentralizada galega por medio do modelo de cooperación interadministrativa de base local do Fondo.

Neste sentido o traballo en comunicación desenvolto no último trienio marca unha folla de ruta para o posicionamento do Fondo no sistema de comunicación galego. Ao tempo a técnica de comunicación realiza un traballo fundamental na propia comunicación interna da asociación e na propia pedagogía da mensaxe que debe ser coherente coa misión global que o Fondo Galego, empregando así un enfoque de Dereitos Humanos.

No Plan 2014 cómpre destacar a continuidade e reforzamento das accións acorde ao *Plan de Comunicación ONLINE definido durante o 2013*.

- **Memoria 2013:** A Memoria serve como tarxeta de presentación do traballo do Fondo no SUR e no NORTE, sendo o elemento básico de comunicación da asociación e un exercicio imprescindible de transparencia e daí que pese á transición ao mundo dixital, se conserve coma documento a ser impreso de maneira física.

Será presentada na Asemblea Xeral da última semana de marzo de 2014.

- **Comunicación externa:** A técnica de comunicación é a encargada de organizar, redactar e xestionar os *comunicados e notas de prensa* da asociación en coordinación coa Secretaría do Fondo Galego, máis alá do seu traballo de apoio na visibilización do resto de actividades do presente Plan e especificamente na redacción e deseño dos *IAF's dixitais*, que sairán trimestralmente: marzo, xuño, setembro e decembro.

- **WEB e Redes sociais:** Procúranse que como espello da organización accesible as 24 horas e desde calquera parte do mundo, os contidos na web e redes sociais sexan dinámicos e sirvan tanto as dimensións de comunicación externa coma interna da



asociación, como elementos de transparencia e organización interna máis alá da propia visibilización do traballo da asociación e as súas entidades socias. *Nese sentido o Plan de Comunicación ONLINE é a guía de traballo básica que enche de sentido as accións comunicativas do Fondo Galego na internet.*

- **Encontros dixitais “Máis alá do 2015”:** Os Encontros dixitais queren servir de espazo de reflexión previo ás Xornadas de Cooperación que se realizarán o 10 de decembro ao redor do balance, alternativas e resultados dos ODM. Nese sentido mensalmente publicitaranse e executaranse encontros dixitais que aborden os distintos temas que nuclea a axenda dos ODM tentando ir un pouco máis alá, pensando nas definicións da Axenda internacional da axuda post2015.